

Páxinas faladas: dúas conferencias de Xesús Alonso Montero

Spoken pages: two talks by Xesús Alonso Montero

Carmen Blanco Ramos*
(Escritora / ramablanca@yahoo.es)

Data de recepción: 10/09/2025 – Data de aceptación: 07/11/2025

Presentamos dúas conferencias de Xesús Alonso Montero en Vilagarcía de Arousa, gravadas e transcritas por Carmen Blanco Ramos, autora que gravou e transcribiu centos de intervencións públicas de Xesús Alonso Montero dentro e fóra de Galicia¹. Trátase de dúas intervencións diferentes e adecuadas ao seu diverso contexto, que posibilitan gozar da erudición e do didactismo do profesor Alonso Montero. Cómpre salientar que o orador nunca lía as súas disertacións.

A primeira das conferencias foi pronunciada na mañá do 29 de novembro de 2017 no Salón García da Biblioteca pública de Vilagarcía de Arousa. Como se pode deducir do título («Criterios lingüísticos de Aquilino Iglesia Alvariño na súa tradución galega das *Canciós (Carmina)* de Horacio: da toga á coroz»,), a intervención insírese na Xornada conmemorativa do 70 aniversario da publicación de *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño. A canda Xesús Alonso Montero, interveñen nese acto Xosé Manuel Dasilva, Henrique Monteagudo, Armando Requeixo, Luciano Rodríguez e Patricia Arias Chachero.

A segunda conferencia de Xesús Alonso Montero ten a súa razón de ser no Día das Letras Galegas dedicado a María Victoria Moreno. Esta desenvolveuse no IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa o 8 de maio de 2018.

* Gravación e transcripción.

¹ Unha mostra édita foi publicada en 2024 pola editorial Alvarellos baixo o título *Palabras para o noso tempo*.

CRITERIOS LINGÜÍSTICOS DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO NA SÚA TRADUCCIÓN GALEGA DAS *CANCIÓS* (*CARMINA*) DE HORACIO: DA TOGA Á COROZA

Graciñas ó ilustre e aplicadísimo presentador que vexo que el repasou, onte ou esta mañá, a biografía e a bibliografía polo menos dos tres que hoxe protagonizamos esta mesa, e supoño que fará igual cos compañeiros que van ter unha intervención esta tarde.

En primeiro lugar eu agradezo, e agradezo moi vivamente que se contase comigo para dicir esta mañá unhas palabras sobre un aspecto moi concreto da polifacética obra literaria de Aquilino Iglesia Alvariño. E como non quero ser menos cós meus compañeiros que agradeceron ó concello que tivese a iniciativa de organizar unha actividade como esta que estamos inaugurando nunha data tan importante como son os 70 anos da publicación dun libro tan importante como aquí se dixo, o libro *Cómaros verdes*. Pero non lle parecerá mal ó Concello, que non deixa de ser unha entidade administrativa, que eu diga que o traballo intelectual e de organización intelectual e de configuración destas xornadas literarias débese a determinadas persoas, unha delas o profesor Dasilva que teño á miña dereita. E se non lles parece mal a ningún deles, eu creo que unha parte moi importante e moi eficaz do traballo débese á profesora do Instituto Bouza Brey, Patricia Arias Chachero. Isto non vai nin moito menos en demérito do papel que está xogando aquí na organización o Concello. Un Concello que é sensible a un convite dun profesor, dun intelectual, dun poeta, dun periodista, xa é un concello que merece tódolos nosos parabéns. Porque eu estou farto de ir pola xeografía galega adiante e por outras xeografías a actos que non organizan os concellos, que de feito están de costas a este tipo de actividades, polo tanto, sendo moito máis importante o que se fai intelectualmente extramuros do Concello, e neste caso o labor da profesora Patricia Arias. E nas miñas palabras hai tamén unha gabanza e unha gabanza fervorosa a un Concello que é sensible a este tipo de convites; pero poñamos as cousas no seu sitio.

O título da miña disertación [que eu non sei Patricia se todos teñen o programa. Non sei donde está Patricia, –si, teñen o programa, si] É unha letra pequeniña para min... e os versos latinos saíron as palabras xuntas. Algún *defeutiño* hai que encontrar no labor de Patricia Arias, porque senón, claro, ser perfecto tamén... é dicir, é excesivo. O título da miña disertación é: «Criterios lingüísticos de Aquilino Iglesia Alvariño na súa tradución galega das *Canciós*, *Carmina* en latín, de Horacio». E logo, como aquí se dixo creo que polo profesor Dasilva, hai niveis, supoño que está no certo, que eu utilizo para sintetizar o problema, esa metáfora. E o latín de Horacio é un latín moi ponderado, é un latín moi culto, é un latín moi escolleito, é un latín moi clásico na época clásica da poesía latina, e de súpeto o seu tradutor no ano 51, Aquilino Iglesia Alvariño que era un gran latinista e que, por certo, non ignoraba o latín clásico, entre outras cousas porque foi alumno dun dos máis grandes

profesores de latín que teña dado Galicia, que é o profesor Francisco Fanego. Tan grande, tan grande, tan grande como latinista que moitas veces el recitando a Virxilio ou a Horacio no Seminario de Santa Catalina, as súas palabras latinas saían polas fiestras do seminario. E chegaban ós vendedores de verduras, de porcós, de cebolas, de pementos, de patacas, que deixaban o que era fundamental para eles; vender. Porque diso vivían, e quedaban verdadeiramente engaiolados polas palabras latinas tal como as pronunciaba alá nun salón do Seminario o profesor Francisco Fanego. Isto contouno, e se non é certo o responsable non son eu, contouno Álvaro Cunqueiro, pero é certo porque, aínda contado por Álvaro Cunqueiro, temos datos de que foi rigorosamente histórico. Porque eu teño falado hai moitos anos con bastante xente de Mondoñedo que en efecto corroboran máis ou menos o texto ese que nos deixou nunha fermosa ocasión solemne Álvaro Cunqueiro. Non era, polo tanto, leigo en latín clásico Aquilino Iglesia Alvariño a quen dende agora vamos a chamar Aquilino. Era un home moi douto en latín clásico, polo tanto, coñecía moi ben o que hai de clasicismo, o que hai de ponderación, o que hai de cultura, o que hai de espírito escolleito no vocabulario e nas formulacións gramaticais cando escribe as súas odas. É Horacio que chama Carme. Eu no sei se os rapaces estudian latín, pero hai ese *carmen-carminis*, que significa ‘canción’ en latín, ou que significa ‘oda’, *carmen* tamén en árabe significa ‘xardín’. Los Cármenes de Granada, son os xardíns de Granada, polo tanto, se hai aquí algunha rapaza, ou algunha moza, ou algunha señora que se chama Carmen, xa pode fardar ante os seus pretendentes, porque para algún pode ser unha canción, unha oda, un verso, e para outros pode ser un xardín. Chamarse Carmen dende logo é nacer cun capital xa na vida. Os *Carminis* de Horacio foron traducidos por Aquilino Iglesia Alvariño co título de *Canciós*. Aínda non estaba don Aquilino na normativa de hoxe que poría naturalmente *Canciósns*, co plural en /ns/, que é o que está para a lingua culta de Galicia. E o que sucede é que cando escribe Horacio as súas cancións, as súas odas, os seus *Carmina*, escribe coa toga posta. E a toga, é a toga dos xuíces, a toga, é a toga dos senadores, a toga é a toga do letrado, do home culto, do home erudito, do home que non se permite ningún vulgarismo, que non se permite ningún coloquialismo, porque iso é un atentado á normativa clásica da construción do idioma. E, de súpeto, Aquilino Iglesia Alvariño decide traducir do latín ó galego, pero ripándolle a toga a Horacio, e poñendo alí, donde lle ripou a toga, unha coroza. A coroza que utilizaban os vellos montañeses das montañas de Lugo cando Aquilino era un neno, ou era un adolescente, ou era un mozo. Eu creo que neste sintagma meu «da toga á coroza» está a améndoa, o miolo do que acontece nesta translatio, este trasladar o latín de Horacio ó galego, de Aquilino Iglesia Alvariño do que eu vou falar. E polos meus pecados non trouxen o libro comigo, porque o meu chofer, amigo e camarada, que estará por aí, Teo Cardalda chegou media hora antes do acordado, e iso para min é fundamental, cando eu estaba recollendo... Eu quería traer comigo o libro, o libro das odas que ademais está dedicado polo propio Aquilino e quería amosalo. Bueno, como quería traer algún outro libro non o trouxen. E a culpa tena Teo Cardalda que estará [risas]... porque chegou á cita media hora antes. E iso non está ben. Bueno, o caso é que eu,

bueno, coas présas dese momento non atopei o libro que quería traer para que, polo menos, o viran. É un libro, é un libro venerable. É a primeira vez que alguén traduce un libro completo de Horacio ó galego. Había traducións episódicas. Unha moi importante, a do *Beatus ille* que xa se fixera en 1868 cando se traduciu en Ourense, pero un libro completo nunca fora traducido. Esta tradución de Aquilino é o resultado, xa se dixo aquí como se dixeron bastante das cousas que eu vou ter que dicir e, polo tanto, pido desculpas porque é inevitable que eu incorra nalgún tipo de, de repetición.

Había unha editorial en Santiago de Compostela que se chamaba Bibliófilos Gallegos que dirixía Sánchez Cantón, un profesor de Madrid. Foi profesor meu, na universidade, de arte, e que, sobre todo, dirixía desde Pontevedra un eminente profesor chamado Xosé Filgueira Valverde. Había na editorial outras personalidades intelectuais, pero eu creo que estas dúas eran as fundamentais, e deciden facer algo que tamén era novo na cultura literaria galega posterior ó ano 1936. Como sabedes, en Galicia, desgraciadamente, non houbo guerra, só houbo represión, polo tanto, noutros lugares de España poden falar do 36-39, porque houbo guerra, Madrid por exemplo. Pero aquí, a única resistencia que se lle fai ó Golpe de Estado é unha resistencia de horas, en Madrid, en Madrid, en Santiago, en poucos sitios máis, e o 20 de xullo que é cando se produce o Golpe de Estado, practicamente toda Galicia queda baixo a pouta de Atila, si por Atila entendemos a pouta de Franco, do franquismo, do clericalismo, do militarismo, do falanxismo e do caciquismo. Iso é o que significa, máis ou menos, Franco ou o franquismo. Pero vai ser Bibliófilos Gallegos, editorial dirixida por persoas dunha erudición extraordinaria en tódalas materias, non digamos en materia literaria galega, os que convocan premios moi importantes para a literatura galega, cando practicamente non había literatura galega, porque aquí estamos a falar, e fixérono excelentemente as dúas persoas que me precederon no uso da palabra. As tres, porque tamén o noso presentador fixo unha incursión bastante erudita no significado de *Cómaros verdes*. Nós o que estamos homenaxeando é *Cómaros verdes*. E tiña razón o profesor Dasilva, e tamén tiña razón, aínda que insistiu menos, o profesor Monteagudo cando din: primeiro, *Cómaros verdes* non é o primeiro libro en galego publicado en Galicia, pero é o primeiro libro importante que se publica en Galicia, niso estamos totalmente dacordo, polo tanto, a literatura galega posterior a 1936, si temos que dar unha data, e si temos que dar un título, e si temos que dar unha editorial, e si temos que dar unha cidade: a data é o 1947, o título é *Cómaros verdes*, a cidade é Vilagarcía de Arousa e a editorial que tamén era librería, que tamén era imprenta, e imprenta librería, editorial Celta, que non debe confundirse cunha editorial librería e imprenta que había en Lugo, xa daquela, e coa que eu tiven moita relación a partir do ano 60, que foi a data en que eu cheguei alí como catedrático dun instituto masculino. É, polo tanto, unha editorial diferente.

No último número de *Grial*, agora hai que gabar á profesora Patricia Arias, acaba de publicar un minucioso traballo en que fala claramente, bueno, destas dúas pómolas que ten a editorial, a de Vilagarcía que é a que hoxe nos convoca aquí. E a editorial Celta, a editorial Celta de Lugo. Bibliófilos Gallegos convocou en primeiro

lugar un certame de novela no ano 50, esa novela, ese certame foi gañado por Carballo Calero cunha novela pésima, titulada *A xente da Barreira*, e agora teño que facer un inciso: se hai unha persoa no mundo que admire a Carballo Calero son eu, que admire a Carballo Calero intelectualmente, que admire a Carballo Calero como orador, que admire a Carballo Calero tamén como gramático pero, sobre todo, que admire a Carballo Calero como autor duns dos grandes libros que se teñan publicado na Galicia de tódolos tempos a *Historia da Literatura Galega contemporánea*, de 1963. Pero, Horacio quen nos convoca hoxe aquí, dixo nunha ocasión falando de Homero, que pasaba por ser o deus da poesía, que pasaba por ser a perfección, que Homero de vez en cando durmía. Eu non sei se iso está ben traducido, ou o que quere dicir é que Homero de vez en cando sucumbía ante o influxo de Pedro Chosco, porque na mitoloxía culta dise que o deus do sono é Morfeo, pero na mitoloxía popular, na que eu me eduquei, hai bastantes décadas na miña aldea do Ribeiro, Pedro Chosco era aquel que nos facía pechar os ollos para que empezáramos a durmir. Entonces Homero de vez en cando soliviantado por Pedro Chosco, durmía e construía mal un hexámetro, medía mal un hexámetro. Se Homero de vez en cando bota unha soneca, home! E dito por Horacio que admiraba tanto a Homero, por que se me vai ter en conta a min negativamente que diga que a novela *A xente da Barreira*, é unha novela pésima. É unha novela pésima e que non está nin moito menos á altura do autor, que é autor dunha das grandes novelas que se teñen publicado en Galicia, *Escorpio*. Lástima que esta escrita nun galego excesivamente lusitanista, pero fóra esta eiva, é unha das grandes novelas que eu teño lido, que eu teño lido no noso, no noso idioma. Así pois, era necesario que eu fixera este inciso porque *A Xente da Barreira* foi premiada por un acto de cacicato galeguista. Nese xurado predominaban os galeguistas Cabanillas, Álvarez Blázquez e tal e cual... Porque algunhas novelas, unha delas, *Viento del norte*, de Elena Quiroga, é unha novela moi superior a Carballo Calero, presentouse co título de *Tumba Loureiro*, e non lle deron o premio porque había que premiar unha novela galega, porque había que privilexiar a produción literaria escrita en idioma galego. Esas cousas son así, e os rapaces novos teñen que saber que un dos grandes pensadores de Europa que se chamaba Gramsci que case morreu nas prisións de Mussolini, dixo unha vez unha cousa moi importante: a verdade é sempre revolucionaria. O que hai é que hai que ter peito para dicir a verdade. Hai que ter moito peito para dicir a verdade, pero a verdade é sempre revolucionaria.

O premio a Carballo Calero foi un premio amañado polo sector galeguista do xurado que era maioritario. E quen leva un premio é quen ten máis votos ca calquera outro que pode ser superior, como unha cátedra conséguese ante un tribunal de cinco, de cinco profesores quen teña tres votos.

O segundo premio era para premiar traducións e preséntanse polo menos tres, porque poucas veces se cita a Antonio Lorenzo Sánchez, do que eu fun amigo e que presentou unha tradución do *Cantar dos cantares* que evidentemente non foi feita desde o orixinal. El non sabía hebreo. Preséntase o libro de Aquilino que é quen convoca a miña ponencia, e preséntase un libro traducido por dous lugueses,

Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, que na primeira edición vaise titular *Cancioeiro*, non «cancioneiro». *Cancioeiro da poesía céltiga*. Como a verdade é revolucionaria vamos seguir xogando a este xogo da verdade. Nas bases dicíase que naturalmente sería premiado o texto que fose traducido do idioma orixinal. Aquilino nisto estaba dentro da norma. Traduce o libro de Horacio desde o latín, ninguén pode afirmar que traduciu desde o castelán, por exemplo, ou desde o francés, ou desde o portugués. Non digo que non tivese en conta traducións portuguesas ou castelás, ou francesas para, en todo caso, encontrar o matiz de súa tradución galega. E isto é totalmente lexítimo, pero el traduciu desde o latín. O *Cancioeiro da poesía céltiga* é unha colectánea de poemas fundamentalmente nun dos idiomas célticos que é o gaélico e que no ano 44 un profesor en Berna, un sabio en literatura e en lingua celtas que se chamaba Julius Pokorny, publicou, e publicou os textos en gaélico, e publicou a súa tradución ó alemán. El era profesor na Suíza de fala alemá. Cando Piñeiro, e aquí díxose, está na cadea cun eminente lingüista chamado Michelena; Michelena coñece este libro e recoméndallo a Piñeiro, e cando Piñeiro chega inmediatamente, despois de saír da prisión, no ano 49 a Lugo, e conversa, pola muralla de Lugo, ou polos cafés de Lugo, ou polas rúas de Lugo, ou polas prazas de Lugo, e moito con aquel gran conversador que era Celestino Fernández de la Vega; un grande pensador e bo coñecedor do idioma alemán, dille: tes que traducir este libro. E Celestino, teno contado en máis dunha ocasión Piñeiro, acepta face-la tradución con tal de que colabore con el Piñeiro. E eu teño dito moitas veces e supoño que nin o señor Dasilva que ten estudado isto tan ben, me vai levar a contraria. Neste traballo de Piñeiro e de Celestino Fernández de la Vega quen pon o alemán é Celestino Fernández de la Vega. Piñeiro non sabe alemán. E quen pon o galego é Piñeiro. Pero eles son dous intelectuais fraternos que ademais perseguen o mesmo obxectivo: traducir unha obra importante ó galego e traducila nun galego que sexa dalgunha maneira, palabras de Monteagudo tamén, a base do que vai ser a construción literaria do galego a partir do ano 50, ou a partir do ano 51. E, aí está o talento lingüístico de Piñeiro e canto sabe de galego Piñeiro, e naturalmente quen sabe o alemán é Celestino, pero moitas horas, as de casa, moitas horas de café, nesa conversa chega un momento en que os dous son verdadeiramente tradutores do texto de Pokorny, pero non están traducindo desde o gaélico. Están traducindo desde o alemán, polo tanto, están quebrantando unha norma, e se fose hoxe habería unha protesta tremenda, porque sendo moi importante esta tradución non había que premiala, porque había que eliminar ese traballo, porque non estaba dentro das normas.

Quen estaba dentro das normas era a tradución de Aquilino Iglesia Alvariño. Que pasa? Eu estudei o perfil intelectual de cada un dos nove ou dez membros do xurado. Ninguén tiña un coñecemento verdadeiramente serio do latín, e se algún, porque hai algún eclesiástico non coñece mal o latín, é totalmente alleo ó galego, ó galego para traducir desde o latín. Polo tanto, nese xurado só hai unha voz importante a do catedrático de latín da Universidade de Santiago, don Abelardo Moralejo Laso. E polo tanto, inda que eu non asistín a aquelas sesións de debate e tampouco se filmaron eses debates, i é lástima; eu teño a evidencia, ata onde se

pode nas cousas de tipo histórico, ter evidencia de que nese debate o criterio e o saber, e a autoritas de don Abelardo Moralejo Laso, impúxose, impúxose e foi el, tivo que ser el, o que decidiu que cumprindo as normas Aquilino Iglesia Alvariño, o tipo de galego que el escolle para traducir *As odas* de Horacio, é un galego que el non defendería. É un galego que tampouco lle gustaba a Ramón Piñeiro, e iso sei por conversas co propio Piñeiro desde o ano 56 en que eu chego a Santiago, polo tanto, inda estaba quente a discusión que houbera 5 anos antes co motivo do premio do ano, do ano 51.

Don Abelardo que era tan estrito na cuestión idiomática, parece que non foi tan estrito na cuestión normativa e decidiu pasar por alto que Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro traducen por lingua interposta. Traducen por unha lingua desde unha lingua intermedia. Bueno, pero as cousas son así. O que pasa é que na acta do xurado dise que: dados os relevantes méritos da tradución de Aquilino aconséllase, aconsella á Editorial Bibliófilos Gallegos que a publique. Aquilino, non sei por que non a publica en Bibliófilos Gallegos, publícaa nunha colección que ten o Padre Sarmiento que era unha institución donde os que dirixían Bibliófilos Gallegos, Sánchez Cantón e Filgueira Valverde, bueno, tamén tiñan unha preponderancia verdadeiramente relevante. E antes de que se publicara o *Cancioeiro da poesía Céltiga*, xa se publica o libro de Aquilino.

Aquilino fai un traballo verdadeiramente extraordinario. Sinto non ter o libro, porque a parte da tradución o libro non é moi extenso. Son catro libros de odas, e hai un vocabulario que ocupa moitas páxinas porque Aquilino é consciente de que o seu galego é un galego moi dialectal, é un galego chairego, é un galego do norte da provincia de Lugo. Insistía nisto tamén o profesor Monteagudo e, polo tanto, ten que dar unha equivalencia para que os que foron educados noutros dialectos, eu fun educado no dialecto ourensán do Ribeiro, poidamos ter acceso á dificilísima lingua de Aquilino, como é dificilísima a lingua de *Cómaros verdes* que tamén leva un vocabulario, que tamén leva un glosario. Logo hai un vocabulario fraseolóxico, e logo hai un vocabulario, hai un vocabulario mitolóxico. Hai unha fe de erratas. O libro desde o punto de vista da erudición filolóxica é perfecto, o que non é defendible, o que non me parece correcto, para.. sobre todo, para os que tiñan un certo sentido filolóxico naquel momento e Piñeiro tiña moito, é o tipo de galego que el adopta á hora de traducir.

Eu vou poñer algúns exemplos. Nunha das odas hai dous versos, pero bueno, vou ler un, «nunc vividi membra sur arbuto».

Ben, parece que Horacio está falando dalguén que desfruta moito cando canso de traballar, ou do que sexa, ponse debaixo dun erbe ou dun erbedeiro que é case a palabra latina, e Aquilino en vez de dicir que está deitado debaixo dese arbusto, que está deitado, que está baixo ese arbusto, di que está «estomballado».

Eu recordo que antes de ter o libro de Aquilino, que mo regalou en marzo do 57, porque recordo a data da súa dedicatoria, falar con Piñeiro e con outras persoas, sobre todo, con Piñeiro e Piñeiro dicirme: «como se pode dicir estomballado?». Estomballado, como diría anos despois Rodrigues Lapa, pon o acento nos aspectos

máis rudos, nos aspectos máis montaraces, nos aspectos máis toscos dese labrego que se bota baixo unha árbore para durmir unha sesta. No poema de Horacio é alguén que está canso, e que decide descansar baixo a sombra dese arbusto. E polo tanto, estomballado, claro que apunta o que está facendo quen quere desfrutar do descanso e da sombra, pero ten connotacións tan rudas, tan toscas que isto ós lectores de galego que había, daquela, poucos, bah! Xa dicía eu; o galego é un idioma rústico, o galego é un idioma labrego, o galego non é un idioma urbano, o galego non é un idioma culto. Pero hai mellores exemplos que o de estomballado, que eu antes de ler as odas de Aquilino, Horacio-Aquilino, eu sabía polas conversas de Ramón Piñeiro, de Vidal Torreiras, que daquela xa traducía do grego e do latín e que con frecuencia falaba destas cousas con Ramón Piñeiro, algunhas veces estando eu, estando eu presente.

Pero hai por exemplo noutra Oda, falando de Aquiles, Aquiles, Aquiles... na literatura clásica empezando pola *Illiada*, donde é o protagonista. Aquiles pode ser arrogante, Aquiles pode ser temible, Aquiles pode ser poderoso e Aquiles pode ser insolente, tanto como o entendemos hoxe a palabra insolente, tanto en galego como en castelán. Aquiles tan importante, Aquiles con tanta forza, Aquiles o dos pés lixeiros. Aquiles podía ser ante calquera outro, ninguén era superior en forza, en enerxía, en velocidade, claro que pode ser insolente! E como traduce nesta oda «insolentem Aquilem», pois traduce, «o tógaro de Aquiles». E dirán vostedes, que significa *tógaro*? Ah, hai que ir ó vocabulario de Aquilino, *tógaro* é unha palabra, non sei se é familiar para Armando Requeixo que anda moito polas terras do norte da provincia de Lugo. *Tógaro* no vocabulario é sinónimo de 'túzaro'. Túzaro, eu creo que é universal en galego, polo tanto, Aquiles pode ser insolente, Aquiles pode ser rebelde, Aquiles pode ser intemperante ante un inimigo, eh! Pero Aquiles non é túzaro, porque túzaro ten unha pátina de tosquidade, ten unha pátina de elemento bárbaro, de elemento rudo, de elemento inculto que é o latín insolente. Está en acusativo, non ten, polo tanto, a tradución *tógaro* ó seu dialecto do norte de Lugo, ou ó seu dialecto chairego que ó parecer, porque o propio Aquilino nolo di, é sinónimo de túzaro. É unha mala tradución.

Está facendo o que eu dicía, estalle ripando, quitando, roubando a toga ó escritor clásico e ponderado, e está poñendo de riba del a corozza, eh! É un Aquiles con corozza. Non é un Aquiles con toga. No prólogo, no prólogo do libro Aquilino xa di unha cousa moi importante: «eu o que fixen é desvestir a Horacio da súa toga, e facelo camiñar polas nosas corredoiras». A min, o meu sintagma da toga á corozza, de feito está inspirado por estas dúas liñas que veñen no prólogo do libro de Aquilino. El di, «desvestir da toga». Aí coincido eu con el totalmente, e logo, «facelo camiñar polas corredoiras», polas corredoiras é o que eu digo a corozza. Hai máis exemplos. Hai un traballo meu publicado, xa hai bastantes anos, e que en parte se reproduce aquí, pero hai unha oda cun texto que probablemente os alumnos coñecen ou teñen oído falar del algunha vez, porque é un verso que xa é o que se chama un dito áureo, o que se dicía na literatura clásica: un *aureum dictum*. Un 'dito de ouro'. E nesa oda dícese que «Dulce et decorum est pro patria mori». Non é de difícil tradución: 'doce e decoroso é morrer pola patria'. Isto está hoxe no

frontispicio no mundo de moitos parlamentos, de moitas institucións, de moitos organismos xurídicos etc, etc., é dun verso de Horacio. A tradución ten que ser forzosamente esta que eu acabo de propoñer: é doce i é decoroso morrer pola patria, eh, nun determinado sentido do patriotismo. Agora, deixémonos de Bruselas e de todas estas cousas, si, pero no sentido que tiñan, sobre todo, os antigos, aquel que morría pola patria. Nós hoxe máis ben falamos morrer pola causa, porque se morremos pola patria e os que gañan son os ricos, e os pobres inda pasamos máis fame, non é nada decoroso morrer. É decoroso para eles, pero non para nós. Algúns de nós estaríamos dispostos a morrer pola causa, non sei si pola patria dos ricos, bueno, pero isto é un inciso.

«Dulce et decorum est pro patriam mori»: é doce e decoroso morrer pola patria. Non ten outra tradución. Non é tan difícil. Que tradución fai Aquilino? Aquilino unha vez máis fai camiñar polas corredoiras dos montes de Galicia, despois de riparlle a toga ó noso, ó noso poeta, e traduce: «morrer pola patria é cousa que dá xenio!». Vai... se vas ó Ribeiro, o Ribeiro de Avia. | Si vas ó Ribeiro, vai por Ribadavia, | e de Ribadavia, vai por Ventosela, | que teño unha moza que dá xenio vela.

Esa moza da aldea que ten un pano cheo de coloríns, que ten unha chombra vistosa, que é graciosa, pero é unha moza de aldea, ó vela co seu sorriso, coa súa xentileza, dá xenio vela, dá xenio vela. Produce en nós un espírito de fervor. Dá xenio vela, pero o feito de que alguén no campo de batalla estea disposto a morrer pola patria, ese que morre pola patria, en min non produce o sentimento que expresa a locución: dá xenio vela. Non, non. «É doce e decoroso dá xenio vela», introduce connotacións aí, que non se dan no texto latino, ah, pero Aquilino, deliberadamente non quería trasladarnos o Horacio culto, o Horacio escolleito, o Horacio ponderado. A ponderación é, digamos, unha das virtudes de todo estilo clásico. Non digamos dunha lingua clásica como a latina, ademais escrita nun período que se chama o período áureo da poesía clásica, da poesía clásica latina.

Hai moitos, eu teño un traballo, que non sei cando o publicarei, con quizais 50 casos máis ou menos semellantes a estes, a estes que acabo de examinar, polo tanto, Aquilino non tiña a simpatía daqueles, que non, no 47, pero si, no 50, 51, 52. Os primeiros anos da editorial Galaxia. Tiñan a hexemonía cultural en Galicia. A hexemonía cultural en Galicia tiña o Grupo Galaxia. As persoas que tiñan un compromiso coa cultura Galega, daquela, eran unhas cantas ducias. Aquilino era xa un poeta consagrado, Aquilino era un sabio filólogo, Aquilino xa tiña suficientes papeletas para publicar, o que eu penso que era, un extraordinario dicionario galego. Aquilino era un grande latinista, Aquilino era xa desde o ano 49 catedrático de latín, primeiro nun instituto de Lugo, logo no de Pontevedra e un pouquiño despois nun instituto de Santiago. Aquilino era un home que cando escribía en prosa, daquela, sobre todo, nos periódicos en prosa castelán, era un home que sabía escribir moi ben. Aquilino era unha personalidade intelectual extraordinaria, e eu estou convencido que para o Grupo de Galaxia ter como peza viva a un home como Aquilino sería moi importante. Pero, Aquilino era reticente cos de Galaxia e de feito neste libriño que supoño que algún xa coñece que acaba de publicar a nosa

organizadora que é Patricia Arias Chachero, bueno, fálase, fálase de todas, de todas estas cuestións. Hai unha certa reticencia. Eu que son algo máis, tres ou catro anos maior có señor Dasilva e que o señor Monteagudo, tiven o privilexio de falar con Aquilino no 56, no 57, de falar con García Sabell, de falar con Fernández del Riego, de falar, sobre todo, con Ramón Piñeiro. E sei cales eran as polémicas xordas e internas que moitas veces non transcendían ós xornais, e desde logo a reticencia era mutua. E era mutua por algo en que eu, non sei se o profesor Monteagudo que sabe tanto e que tiña o tempo limitado... bueno, puxo debidamente o acento niso. O problema de Aquilino ante os de Galaxia non é só que teña un concepto da lingua culta bastante distinto do que ten Piñeiro, eh, porque Piñeiro escribe dez liñas no prólogo de Pokorny en que di: «nós temos que partir do galego falado. Pero do galego falado temos que encontrar as variantes que consideremos máis axeitadas, máis axeitadas para ir construíndo un idioma culto. Hai que quitarlle en todo momento a codia rural». E Aquilino lonxe de quitar a codia rural, pon o acento na codia rural. Ese coma un manifesto que é, non é de Celestino. Está anónimo como prólogo, iso está dentro do pensamento lingüístico de, de Ramón Piñeiro.

Pero é máis problema para os de Galaxia outra cousa. Eu creo que ese texto que leu de don Manuel Puente, que era quen financiou a famosa *Historia de Galiza* en Buenos Aires. Manuel Puente ou os seus asesores, os seus amigos, cando viron o capítulo dedicado á Lingua Galega escrito por Aquilino, decatáronse sen seren eles lingüistas, nin persoas de moita cultura literaria, pero decatáronse que alí había derrotismo, palabra que don Manuel utiliza, palabra que utilizaba Seoane que probablemente foi un dos asesores de, de Manuel Puente, e palabra que utilizaba Piñeiro etc. Eu mesmo no ano, 56, 57, está en escritos meus, manifestei que si as cousas ían por aí, evidentemente eu tiña unha concepción un pouco derrotista. Eu sabía que o idioma non só tiña que ser utilizado na poesía, era no que estaba comprometido Aquilino. Aquilino non pasaba de aí. Hai... como fixeron os da Xeración Nós, hai que ir á prosa. E non só hai que ir á prosa, hai que ir tamén á fala, a que as persoas cultas galeguistas ou non galeguistas, falen na casa, na rúa, no café, onde poidan, o galego. Porque o galego estaba prohibido na escola, no instituto, na universidade, no púlpito, pero non estaba prohibido nun café, non estaba prohibido na taberna, non estaba prohibido na casa. E o que pasa, que vimos de donde vimos. Carballo Calero que é tan grande como eu intentei dicir hai media hora, Carballo Calero falaba no 49, 50, 51, 60, 65, 70 e 80, coa súa muller e cos seus fillos, falaba en castelán. E Fernández del Riego falaba coa muller que era dunha aldea do Barco de Valdeorras, falaba en castelán. Polo tanto, claro, porque eu tiña como Aquilino un certo derrotismo, porque a presenza do galego no mundo oral culto, era practicamente nula, e nos xéneros literarios que ían máis alá da poesía. Bueno, os esforzos de Galaxia moitas veces batían e cos atrancos que lles puña a Administración. É o caso que aquí se dixo por partida dobre, de o Juan Aparicio cando tivo poder non permitiu que se publicaran textos filosóficos en galego, porque publicar un texto filosófico en galego é facer ver á xente que o galego tamén é útil, non só como instrumento idiomático do proletariado rural, non só como instrumento idiomático dun xénero que se chama poesía, senón que é instrumento

idiomático apto, válido, idóneo para xéneros literarios que consideramos superiores como é a investigación científica, ou o discurso, ou o discurso filosófico.

Eu tamén era un pouco derrotista, e creo que ese derrotismo levámolo todos, porque que presenza ten hoxe nos fogares, eh? E nós sabemos de moita xente que certamente se di galeguista, pero que socializa ós seus fillos na casa en castelán. E isto dáse hoxe en non pequena medida. No ano 56 e no ano 57, non digamos! Para que se saiba moi ben, a primeira vez que unha familia decide falar na súa casa, onde Franco non entraba para nada, en galego ós seus fillos é a familia de, do oftalmólogo Antón Beiras, o tío de Xosé Manuel Beiras, e da pedagoga Antía Cal. Un día, Antón díxolle: Tita, que é como lle chamaba a Antía, se nós somos galeguistas, Franco non prohíbe á hora do xantar que falemos ós nosos fillos en galego. Pero, iso non o facía Fernández del Riego, iso non o facía Carballo Calero, iso non o facía falando coa súa nai, Otero Pedrayo. Esta é a situación do galego, polo tanto, evidentemente Aquilino, Aquilino é derrotista, pero a min tamén me gustaría, e termino, porque aquí hai rapaces novos. Nós estamos falando do significado, primeiro, dun gran libro de poesía, publicado no 47, ou publicado no 35, dado que algúns poemas parece que son anteriores ó 36. Ou publicado no 60. É un gran libro de poesía aínda que se publicase despois do ano 47. Ten a significación que aquí xa se definiu acertadamente, de que é o primeiro libro importante despois de 1936. E ten o simbolismo de que é un fito e de que, ou se fala da prehistoria da poesía galega anterior ó 47, ou da historia da poesía galega que empeza no ano 47. Como mínimo o libro é isto. Pero sempre que falamos destas cousas parece que o único que nos ocupa e que nos preocupa é a salvación do galego, I en efecto, que haxa libros como *Cómaros verdes*, é moi importante, porque dous anos antes un tal Celestino Luís Crespo publicara en Betanzos, el era un exfalaxista, un libro *Brétemas mariñás*, publicouno por diversión. Non porque estivera comprometido con nada. Porque Aquilino aínda que non teña neste momento, un gran compromiso coa causa da cultura galega, o que tiña antes do 36, que mesmo chegou a ser durante algún tempo director de *A Nosa Terra*. Neste momento ten un compromiso coa poesía en lingua galega, iso si, mentras que Celestino Luís Crespo, a quen eu coñecín, eh, a quen eu coñecín non tiña ningún tipo... como divertimento publicou iso. Polo tanto o libríño *Brétemas mariñás* do ano 45, Betanzos de Celestino Luís Crespo está na prehistoria da poesía galega. A historia empeza, iso está ben claro, e aquí xa se dixo, no ano 1947 con *Cómaros verdes*.

Pero parece que a única ocupación, e preocupación nosa, é a salvación do galego, que xa non é pouco, pero o galego tanto nos planteamentos de onte como nos de hoxe, como nos de mañá. Mañá pode ser dentro de 24 hora, ou dentro de dez anos. É dicir, a salvación do galego producirase, a perpetuación do galego producirase, a riqueza da literatura galega en idioma galego producirase. Si os que estamos preocupados pola perpetuación, pola promoción e, en definitiva, pola salvación do idioma galego, inscribimos a causa do idioma galego noutro contexto. Nun contexto que é o da sociedade, que é o da sociedade, porque unha literatura non existe se non hai lingua. Se nun determinado momento, nunha aldea, onde me consta que hai dous anos morreron os dous velliños que falaban unha lingua

amazónica, alá no Brasil, e que tiñan algunhas cántigas, e algúns relatos. Se cadra hai hoxe algún erudito que pode facer relatos nese idioma mentres el viva, pero esa literatura vai desaparecer axiña, porque non hai lingua, non hai falantes de lingua, non hai falantes de lingua. O contexto cal é? Que pasaba no ano 47, que é quen nos convoca aquí. No ano 47, Aquilino non estaba comprometido coa causa da salvación da lingua galega. Estaba comprometido coa causa da construción dun idioma poético, i eso era bo incluso para quen catro anos despois, Ramón Piñeiro, que é o que dirixe a nave de Galaxia, é un apoio moi importante, pero el está ó servicio da causa da lingua galega. E tamén está ó servicio de algo máis de que algún día cando poidan facer política, poñerán a política ó servicio da causa da lingua galega, de feito, el, anos despois no parlamento como deputado foi un dos grandes conformadores da Lei de Normalización Lingüística. Porque si non temos a política, non temos a economía, e non temos os distintos sectores sociais ó servicio da causa da lingua galega. Defender o galego polo galego, iso é totalmente estéril, é totalmente inútil. Que pasaba no ano 47? No ano 47 nin sequera existía Galaxia. Era totalmente un ermo, porque escribía uns artigos en *La Noche*, un periódico vespertino de Santiago, co título de Parladoiro, Otero Pedrayo e nada máis... Pero acontecía algo máis; había xente que sen seren poetas, sen seren filólogos, sen seren gramáticos, sen seren profesores, sen seren lexicógrafos, sen seren novelistas, estaban interesados polo galego. A xente que era antifranquista que facía polo galego? Había xente antifranquista no ano 47? Claro que había! Calada! Probablemente algún dos profesores do León XIII eran antifranquistas, entre eles Carlos Lesner. Entre outras cousas porque era fillo dun gran comunista e porque ademais tiña no seu poder un dos dous exemplares, que hai hoxe no mundo, do primeiro tomo do *Capital* de Marx, dedicado a seu pai e que llo regalou a «La Casa del Pueblo», de Madrid, no ano 28. Aquel home probablemente era antifranquista, pero facía algo contra Franco? Se o facía é clandestinamente. Por iso, que facía contra Franco, Carlos Lesner, afillado de Marx. Tiña algo que ver coa reivindicación da lingua galega? Non. Daquela, había en Galicia, polo menos había comunistas que loitaban na clandestinidade, pero que non loitaban pola lingua galega. Nin os que estaban na cidade, nin os que estaban no monte. Eu estou pensando agora na nai de Camilo de Dios. Camilo de Dios é de Sandiás, a 5 quilómetros de Xinzo de Limia, na provincia de Ourense. Vive, aínda ten 87 anos, o guerrilleiro máis novo. Entrou na guerrilla ós 16 anos, na guerrilla na que estaba súa nai. El e súa nai na guerrilla falaban en galego, e, tódolos guerrilleiros galegos falaban en galego, pero as octavillas, para preparar unha acción, para chamar a unha acción, para promover unha acción, escribíanas en castelán. O himno da guerrilla está en castelán. O himno da guerrilla foi atopado por un investigador... nos arquivos da policía da Coruña, e o himno da guerrilla dicía: «Yo soy guerrillero». Empezaba e dicía: «cántese con la música de “Yo soy mejicano”». Era unha canción de Jorge Negrete que eu aprendín [canta]: «Yo soy mejicano, mi tierra es bravía». E o himno dos guerrilleiros era: «yo soy guerrillero, mi lucha es bravía». É dicir, os guerrilleiros que estaban defendendo a causa da República, a continuidade da República, nin na súa teoría, nin na súa praxe teñen a reivindicación da lingua galega. Polo tanto,

o fenómeno de Galicia é un fenómeno que hai que estudar con moito coidado. Aparecen media ducia de persoas moi ilustres como Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Domingo García Sabell, Jaime Isla e pouco máis, e pouco máis que fan unha defensa pola defensa do galego. E que non poden facer outras cousas, porque iso que se dixo aquí que estaban loitando pola reconstrución do Partido Galeguista, estano facendo, pero a partir de que caen Piñeiro e Cesáreo Saco e o seu irmán e... tal... No ano 46 o Partido Galeguista desaparece. Quero dicir e refírome, sobre todo, ós novos que a cuestión do galego onte coma hoxe e mañá, é unha cuestión que hai que abordar desde a problemática xeral da sociedade. Se nós non incorporamos hoxe certos sectores da sociedade, non para que escriban en galego, para que falen o galego, para que cultiven o galego, para que se sintan identificados no galego, para o que ten que haber un determinado tipo de política, un determinado tipo de partidos políticos. Realmente o galego polo galego non é suficiente. Iso sabémolo moi ben hoxe, porque desde hai moitos anos hai profesores de galego. E os alumnos cando saen da clase de galego, e polos corredores dun instituto, na cafetería, no patio xogando ó baloncesto etc. etc., pasan ó idioma que probablemente é o habitual das súas casas. E o problema do galego é un problema da sociedade galega, non é un problema só da Academia, nin de don Víctor Freixanes, nin de Henrique Monteagudo, nin dos especialistas en Aquilino Iglesia Alvariño. Pero o que eu quería dicir é que por favor hai que irse afacendo a que *Cómaros verdes* é o libro dunha persoa que ten unhas determinadas características, e que ten o compromiso limitado que ten. Nun momento en que outros teñen outro compromiso e nun momento en que o franquismo deixa facer poucas cousas, e os únicos que están combatendo seriamente o franquismo, que daquela é o partido comunista, tanto na cidade como no monte, nese momento, nesa altura; non algún tempo despois, están totalmente alleos na teoría e na praxe á problemática do galego. Dito isto, graciñas ós organizadores, de novo a Patricia Arias, ós meus compañeiros da mesa, ós compañeiros da mesa que virán e, en todo caso, hai que tratar de ler a Aquilino que é un dos grandes poetas, pero hai que lelo moitas veces co dicionario que el mesmo nos ofrece no libro.

Graciñas.

MARÍA VICTORIA MORENO (1939-2005): A PROEZA DA SÚA VIDA E DA SÚA LITERATURA

Bos días, en primeiro lugar, a miña gratitude como sempre e que será eterna á dirección do Instituto Fermín Bouza Brey por dar-me a oportunidade de dirixirme, a quen son unha parte de futuro de Galicia, e do futuro do mundo. Porque algúns de vós probablemente vades destacar, non sabemos se na arquitectura, na filoloxía, na historia, na medicina, na química, nas matemáticas ou na economía. Moitos de vós, probablemente en calquera das catro provincias galegas, pero algún de vós, se cadra vades levar o voso saber, a vosa ciencia e sería tamén bo que levásedes a vosa decencia eh, a vosa moral e o voso sentido da xustiza a outras partes do mundo. Se é así, si levades a algunha parte do mundo en Galicia ou fóra de Galicia, ademais do voso saber científico, algo aínda máis importante cá ciencia que é a decencia, que é o sentido moral das cousas. Iso sen dúbida debédesllo en parte ós vosos pais, en parte ós vosos amigos, en parte ó medio no que vos movedes diariamente e nunha parte que non é desdenñable, pois, a este centro, porque dicía, creo que, Gonzalo Torrente Ballester, que foi catedrático de instituto e un gran escritor que «a patria do home é o bacharelato». Alí donde se estuda o bacharelato que coincide co final da nenez, co principio da adolescencia, e nalgúns casos, por exemplo, en segundo de bacharelato co inicio da xuventude. Os vosos sentimentos, e as vosas maneiras de entende-la vida e de falar vanse forxar nos anos en que vades estar aquí, polo tanto, levaredes o Instituto Fermín Bouza Brey no corazón. Eu tamén o levo, porque, eu aquí teño vivido horas moi importantes da miña vida cando viña falar convosco, e eu aquí teño grandes amigos e grandes amigas, que son fundamentalmente as persoas que deciden tódolos anos que eu veña dedicarvos unha hora do meu escaso saber a vós que, en todo caso, sodes moito máis novos ca min. E aínda tendes moito que aprender. Eu mesmo que teño bastantes anos estou aprendendo tódolos días. Titúlase a miña conferencia: «María Victoria Moreno: a proeza da súa vida e da súa literatura».

Tendes un programa, un programa bastante extenso que eu non vou explicitar na súa totalidade. Vai haber bastantes puntos e apartados, sobre os que non vou probablemente dicir nin media palabra. Porque o que eu apunto neste programa, que é relativamente extenso, pois non o podo explicitar nunha hora ou en cincuenta minutos. Pero quedavos como unha axuda para recordar mellor aquilo que eu dixen na miña disertación e quedavos tamén para ter en conta aqueles puntos que eu non abordei na miña conferencia, e que vós, probablemente, podedes entender cun pouquiño de esforzo pola vosa parte.

No programa hai ademais un apéndice que é a carta de quen foi alcalde de Vilagarcía de Arousa no ano 73. E, este alcalde asistiu, no ano 73, a un curso de Lingua Galega de María Victoria Moreno, e a min isto dáme pé para entrar de cheo na conferencia que eu quero expoñer diante de todos vós. Claro, vós sodes moi novos, e probablemente habería que dar unha conferencia antes para que

entendades ben como era en Vilagarcía, ou en Santiago, ou en Lugo, ou en Ribadavia, ou na Coruña, ou en Ourense, ou en calquera parte de Galicia ou de España o ano 73. No ano 73, España estaba ó final dunha ditadura que empezara para Galicia no ano 36, a ditadura de Franco. Felizmente para vós non vivístedes en ditadura, pero en ditadura non se podería dar a conferencia que eu vou dar hoxe. Non se podería pronunciar a palabra República, case, case non se podería pronunciar a palabra decencia. Porque se alguén dicía que hai que ser decentes, case tódolos que mandaban en España eran conscientes de que eran indecentes, de que eran inmorais, de que eran corruptos, de que eran déspotas, de que eran caciques, de que eran dominadores, de que eran sátrapas, de que eran asoballadores, de que estaban contra os pobres, de que estaban contra os traballadores, de que estaban contra os obreiros, de que estaban contra os labregos, polo tanto, falar de decencia era tanto como facerlles ver que eles non tiñan ese *minimum* de decencia para que un se poida chamar na vida ser humano. Isto era unha ditadura, unha ditadura, donde, repito, calquera que falara da República, ou calquera que falara do comunismo, ou do socialismo, ou calquera simplemente que falara de que tería que haber xustiza social, de que todo o mundo tiña dereito a estudar, de que todo o mundo tiña dereito ó traballo e non só os ricos, os beneficiarios dos vencedores da guerra civil, aquilo... estaba totalmente prohibido. Entre as cousas que estaban prohibidas, estaba prohibido o idioma galego, o idioma galego no ano 73 non se utilizaba en ningún instituto, daquela había moi poucos institutos en España, fundamentalmente, había un instituto ou dous na capital de provincia. O que quere dicir que era moi pouca a xente que estudaba. E neses institutos eu fun alumno primeiro, no Instituto Santa Irene de Vigo, do 46 ó 48, e logo fun catedrático, en varios institutos de Vigo, nun de Lugo, e antes, fóra de Galicia, no instituto de Palencia. Naqueles institutos de Galicia non é que non existise a asignatura de Lingua Galega ou de Literatura Galega, é que ningún profesor, nin de literatura española, nin de historia, nin de ningunha outra materia, podía utilizar o idioma galego que era o idioma da maioría dos alumnos que tiñamos diante de nós para explicarlles algo. E incluso estaba mal visto. Eu seino por experiencia, que no ano 65 cando María Victoria acaba de gañar a oposición como profesora adxunta numeraria de lingua e literatura española e chega a Lugo, estaba mal visto que no recreo un profesor se dirixira en galego a un alumno. Recordo eu, recén chegado a Lugo, curso 60-61, ía polo corredor á hora do recreo e atopei a tres ou catro alumnos que probablemente eran de aldea que estaban falando entre eles en galego. E eu dirixinme a eles e díxenlles: «Como falan así –eu díxenlles– en galego». E un deles quizais o máis líder do grupo, díxome, «–Ah, usted perdone don Xesús, daquela dicíase así, e trataban de vostede ós profesores, perdone don Xesús es que nosotros en casa y en la aldea hablamos el gallego. –Se está ben falar en galego. Eu non, non lles –porque eu trataba de vostedes ós alumnos– eu non lles falo a vostedes en galego na clase porque está prohibido. Está prohibido pola lei. Non se pode falar en galego, nin en química, nin en literatura, nin en latín, nin en historia, nin en xeografía. Está prohibido. A lei é a lei. Se eu vulnero a lei encontrareime cunha sanción, unha sanción económica, unha sanción

administrativa, ou que, en todo caso, me supriman do corpo de profesores, e de que vou vivir eu? Pero agora no recreo non estamos dando clase. Eu podo falar no idioma no que vos estou falando. E eu o que vos estaba reprochando non é que falarades en galego, é que tiñades a obriga de falar ben en galego. Porque acabo de oír que un dicía que o “jueves” pensa ir á feira da súa aldea. Non se di “jueves”, hai que dicir “xoves”. A razón do meu reproche é que non falabades ben o galego. Non é que falarades en galego». Esta era a situación. María Victoria como podeades ver e eu recoméndovos que leades cunha certa atención a carta do señor alcalde de Vilagarcía, María Victoria, desde o ano 71, ela é profesora en Pontevedra, xa non en Lugo, donde só estivo dous anos, do 65 ó 67. María Victoria Moreno daba clases de galego fóra do Instituto, fóra da súa aula oficial. En Pontevedra concretamente había unha institución denominada Amigos da Cultura que organizaba, nalgúns momentos do ano, clases de galego. Nunha época en que daban clases de galego algúns profesores que algo sabían de galego, que tiñan un pouco de cultura filolóxica e que con máis entusiasmo patriotismo moitas veces que saber. Pois, ofrecían os seus coñecementos, que moitas veces non eran moitos, a persoas que sabían menos. Unha das alumnas de María Victoria Moreno, no 72, no 73, foi unha escritora que probablemente moitos de vós tendes lido, Fina Casalderrey. Fina Casalderrey é hoxe un dos nomes máis preclaros que ten a narrativa infantoxuvenil en galego. Está traducida a moitos idiomas, recentemente ó coreano, seino porque mandeille a unha neta miña que é especialista en coreano e que está de lectora de español nun colexio de Corea, mandeille un dos contos de Fina Casalderrey traducido ó coreano. Pois esta muller que sabía o galego que aprendera na súa casa cos seus pais, cos seus irmáns maiores, cos seus veciños, probablemente non sabía daquela porque nunca tivera clases de galego. Nunca tivera un profesor de galego. Non sabían o que era un infinitivo conxugado. Non sabía por que en galego dicimos *falara, cantara, amara...* e non, *había falado, había cantado, había amado*. Non sabía por que era simple o pretérito pluscuamperfecto. Era simple porque en latín era simple, *amaveram*, por exemplo. Claro, eu tampouco fun a clases de galego.

Eu que terminei a miña vida profesional como catedrático de literatura galega, eu nunca fun a clases, nin de lingua, nin de literatura galega no instituto; é máis, no instituto ou no colexio cando falaba co profesor, ou cando redactaba un exame do que fose e se me escapaba un galeguismo sancionábanme, polo tanto, eu fun a clases de antigalego. Non a clases de galego. E coma eu, toda a xente da miña xeración, das anteriores e moitas das posteriores. Polo tanto, tendes que situar a vida intelectual de María Victoria, a vida profesional de María Victoria no contexto do que é o franquismo nos seus últimos anos; o franquismo tardío, o franquismo serodio, e tendes que saber por exemplo que nunha ditadura hai moi poucos dereitos. Na ditadura de Franco un dos poucos dereitos que había era o dereito a viaxar ó estranxeiro, por exemplo a Portugal, que daquela necesitábase pasaporte e amosalo alí, primeiro á policía española en Tui, e logo á policía portuguesa en Valença do Minho. Eu podía pasar a Portugal, con ese pasaporte, un podía ir a Francia ou podía ir a Suíza, pois ben, María Victoria Moreno imparte na semana santa do ano 73 un breve curso de Lingua e Literatura Galega no Ateneo de

Ourense. O Ateneo era unha institución autorizada, pero durante anos os que con moita prudencia e con moito coidado gobernaban aquela institución eran algunhas persoas que pertencían clandestinamente ó Partido Comunista. E isto sabíao a policía, e tan pronto como a policía se decata, de que María Victoria imparte clases nunha institución que gobernan, á súa maneira, xentes do Partido Comunista, consideran que María Victoria acaba de dar un paso intolerable, porque mentres María Victoria en Pontevedra ou en Vilagarcía, en cursos organizados por persoas que eran máis ou menos do ámbito do galeguismo moderado imparte cursos dese tipo. A policía está desconcertada, a policía está desconcertada e ás veces alporizada porque din; que fai esta muller que non é galega? De feito, daquela poucos homes e poucas mulleres defendían a lingua galega. E agora resulta que vén facendo un apostolado, unha especie de apostolado lingüístico, unha especie de apostolado en favor da lingua galega, alguén que naceu en Valencia de Alcántara no ano 39, provincia de Cáceres que de nena foi educada en varias localidades da provincia de Segovia, onde a súa nai, Sara Márquez, foi mestra nacional. Unha muller que fai o bacharelato nun colexio de Barcelona e que termina eses estudos no ano 58. Do 58 ó 63 estuda na facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central, que hoxe se chama Complutense que era en Madrid. Estuda precisamente 10 anos despois de que eu estudara na mesma facultade e tivo practicamente os mesmos profesores, un deles soaravos, Dámaso Alonso, porque á parte de un gran lingüista é catedrático de Lingüística Románica, asignatura que impartía en 5º curso, o último de carreira e coñecédelo porque é un dos nomes máis preclaros desa xeración, que nos libros de texto e os vosos profesores chaman xeración de 1927, que é a xeración de Lorca, Jorge Guillén, de Pedro Salinas etc. etc. etc. Alí tivo María Victoria dous grandes profesores que dez anos antes foran profesores meus. Don Dámaso Alonso e, sobre todo, Don Rafael Lapesa, catedrático de Gramática histórica e de Historia do español.

Cando eu falei por primeira vez, quizais a principio de novembro do ano 1965 en Lugo con María Victoria recién chegada e, percibín nela dúas cousas. Unha, que era unha muller que falaba moi ben, que falaba moi ben o castelán, daquela ela non sabía nada de galego. Estivera dous anos en Pontevedra, dedicada primeiro ós seus labores domésticos e logo a dar clases, primeiro de latín e logo de francés, nun instituto. E a preparar as oposicións que eran unhas oposicións daquela de certa dificultade. Os traballos domésticos ocupábanlle bastantes horas, non esquezades que ela casou precisamente no ano 63, un mes antes de vir a Pontevedra con José Luís Llácer, valenciano, colega dela na facultade de Madrid que era cego desde os tres anos, polo tanto, había que asumir responsabilidades domésticas que outra muller que tivese un home con menos limitacións non tería que asumir, pero María Victoria que tiña, eu creo que tódalas virtudes, a da xenerosidade, a da fraternidade, a da solidariedade, a do bo corazón. Era ademais traballadora. Falaba moi ben o castelán, primeiro porque ela adquiriu o castelán dun dos territorios de lingua castelá onde o castelán é máis enxebre, máis sonoro e máis rico, na provincia de Segovia. É o castelán por exemplo no que escribiu un gran escritor español do século XX, Dionisio Ridruejo, pouco coñecido, xa vos falarán os profesores del. I é

donde perfeccionou o seu castelán, os oito anos que estivo en Segovia como catedrático de francés, nin máis nin menos, que un dos grandes da literatura mundial de tódolos tempos, don Antonio Machado.

Falando con María Victoria eu decatábame que aquel castelán ardía nun candil, non sei dicir unha gabanza mellor neste momento para manifestar o que me pareceu o castelán de María Victoria, pero ó mesmo tempo parecíame un castelán que me resultaba algo familiar. Era o castelán que ela perfeccionara nas clases de don Dámaso Alonso e nas clases de don Rafael Lapesa, onde ela aprendeu tanta filoloxía que logo utilizou para explicar o infinitivo conxugado o pluscuamperfecto simple etc. etc. etc. Pensar que Fina Casalderrey terminou de comprometerse co galego e de perfeccionar o seu galego. Ela que era galego-falante de Pontevedra cunha muller que viña de Cáceres, que pasara por Segovia, por Barcelona, por Madrid e que no ano 63 chega a Pontevedra e no 65 a Lugo. En Lugo eu quedo realmente abraiado con aquela muller polo ben que falaba, e en poucas semanas tamén me decato que sabe moito, que sabe moita filoloxía que é o que se lle esixe a un profesor que daquela era de lingua e literatura española, pero María Victoria, estremeña ou non, licenciada en Filoloxía ou non, María Victoria tiña vocación de profesora. Nunha ocasión preguntáronlle que preferiría ser, escritora ou profesora. Foi as dúas cousas, e ela dixo paladinamente, de escoller unha das dúas cousas «eu sería profesora». Non escritora. Hoxe moita xente coñécea como escritora porque os libros están aí, ela desapareceu. Ela morreu no ano 5, no ano 5 foi durmir fóra. Coñecedes esta expresión? Esta expresión existe no galego da provincia de Lugo, ir durmir fóra é morrer. É unha expresión que probablemente non hai en ningún idioma románico. María Victoria deixounos, foi durmir fóra no ano 2005. Hai exactamente 13 anos. Pois ben, María Victoria, hoxe aquí e fóra de aquí, noutros centros, noutros institutos hai alumnos máis pequenos, menos pequenos, que leron libros sobre todo *Anagnórise*, que o pronunciaches moi ben en grego, eh [dirixíndose a unha alumna] iso é grego que significa ‘recoñecemento’, outro éxito de María Victoria que a xente non só lera *Anagnórise* senón que cando pronuncia o título da novela o pronuncie ben, en grego.

Si se levantase Homero diría que ben falan en Vilagarcía o grego. Que ben o pronuncian, se algún día vos encontrades con Homero, autor da *Ilíada* e da *Odisea*, diravos iso, non pode dicir outra cousa, senón, non sería, non sería Homero. María Victoria tiña as virtudes pedagóxicas que hai que ter para ser profesor. Primeiro respectaba ós alumnos. Segundo non só incitaba o respecto dos alumnos, ela di nunha ocasión que os alumnos cando se encontran cun profesor triste, cun profesor que pode saber moito, incluso explicar ben, ser puntual e correcto, pero si perciben nel que o que está facendo na aula o fai forzosamente o fai porque hai que facelo, porque senón bórrano da Administración e deixa de percibir un soldo, e non come, claro! Os alumnos perciben. Sobre todo, os profesores que como María Victoria cobraban ó fin de mes por dar clase, pero ela dixo que se fose rica, non cobraría. Pagaría ela por dar clase. A ela gustáballe a docencia, a ela gustáballe ensinar, no fondo ela era unha educadora, pero non só era unha educadora cando explicaba o Complemento Directo. Ou cando explicaba o xerundio. Ela tiña unha

teima especial contra os xerundios abusivos que hai, tanto que chegou a escribir un soneto contra os xerundios ruíns que a veces aparecen na prosa.

Eu sei de onde lle vén isto do xerundio, porque eu recordo cando estudaba, primeiro de especialidade que era terceiro de carreira, despois do primeiro exame de don Rafael Lapesa, na miña aldea hai un refrán en galego coloquial que di «ghábate coitelo que á feira te levo». Os que gaban, os que alaban ás persoas son os avós, pero como os meus avós xa non están aquí, hai moito tempo que foron durmir fóra, teño que gabarme eu, entón, eu que tiven matrícula de honor con don Rafael Lapesa, pero tamén vou contar unha eiva, unha deficiencia que hai no meu primeiro exame: de pronto vexo que pon así un círculo vermello escandaloso e ponme «guerra al gerundiaz». Eu acababa de utilizar un xerundio en castelán que non era correcto, e isto debeulle de pasar tamén a María Victoria, por iso eu entendo moi ben aquel soneto en que ela denuncia os abusos que, cando algúns utilizan o xerundio, o xerundio comete. María Victoria tíñao todo. María Victoria tíñao todo, María Victoria, ós dous meses ou ós tres de estar en Lugo dá clases en 4º curso. En 4º curso había unha asignatura que era en parte de Gramática e en parte de Teoría da Literatura, e en parte de Historia da Literatura. E alí estaban, entre outros alumnos, Xesús Rábade Paredes que logo sería catedrático de Lingua Galega, e que xa está xubilado, que moi pronto se vai converter nun dos grandes poetas de Galicia. E hoxe é un importante como poeta, como ensaísta, como memorialista, como autor de libros de texto etc. etc. etc. Xesús Rábade de Paredes tería 14 ou 15 anos. E eu digo que mozote, que significa adolescente, non se namorou dunha profesora nova entusiasta, entregada, xenerosa, boa persoa que regalaba libros, que regalaba bombóns, que levaba no coche ós alumnos, que se interesaba polos seus problemas, que preguntaba pola súa familia e que lles preguntaba palabras galegas, porque ela que viña de Castela, quería aprender o galego, digo eu que mozote de 14 anos, chámese Rábade ou non, non queda fascinado? É dicir, que Macron non se namora da súa profesora de literatura. Macron é o actual presidente de Francia que tendo 14, 15 anos namorouse da súa profesora de literatura que tiña 30 anos, e os 15 que había de diferenza continúan, pero o amor continúa. Eu que non tiven a sorte de ter a María Victoria de profesora, tamén cando pasou pola miña clase, no instituto ou na universidade, unha profesora dunhas certas características que nunca chegaban ás de María Victoria, naturalmente un quedaba engaiolado, e un entendía, porque daquela sabía pouco da vida, que iso tiña que ver co amor, polo tanto, os alumnos que se namoraron de María Victoria, foron case todos. Pero aquela María Victoria que lle preguntaba a Rábade Paredes como se dicía na Terra Chá, *rastrillo*, garzo, por exemplo, como se dicía *hoz*, fouce ou fouciño, aquela María Victoria o que lles está ensinando a estes rapaces é que o seu idioma, que non se explica nas clases, que está mal visto, o seu idioma é un idioma digno. E eu sei por estes alumnos, por Rábade e por un curmán del, que xa morreu, Manuel Blanco Rábade que daquela tamén facía versos, pero non sabía se facer os seus versos en galego ou en castelán, como daquela máis ben se escribía en castelán, eles facíanos en castelán, pero despois dunha destas clases de María Victoria, os rapaces chegaron á súa pousada e pola noite escribiron versos no seu idioma. Versos moi entusiastas,

probablemente con bastantes faltas de ortografía. Esta era, esta era María Victoria Moreno.

María Victoria Moreno foi unha políglota polo menos foi pentalingüe. Sabía ben o castelán a súa lingua orixinaria, na que escribiu unha novela moi importante. *Alcores de Donalvar* é finalista nun premio moi importante no ano 69 en Madrid. Escribiu en galego lingua na que non foi alófona, foi autófona. Agora vou explicar que quero dicir con estas dúas palabras, pero tamén escribiu en francés, en latín e en catalán. Hai un discurso dela, cando se despide dos profesores e dos alumnos ó xubilarse no Instituto Torrente Ballester de Pontevedra que está escrito en catro idiomas, o primeiro folio está en latín. Ela dera o primeiro ano en Pontevedra 63-64, clases de latín e tivera unha profesora importante de latín e de grego no colexio de Barcelona. Logo hai un folio que está en castelán, outro folio que está en galego, outro folio que está en catalán, polo tanto ela tiña un certo dominio destes idiomas, e sabemos, e ese texto consérvase hoxe nos arquivos da Real Academia Galega, que sendo alumna no colexio de Barcelona de 4º ou de 5º curso de bacharelato foi premiada polo Liceo francés de Barcelona por unha composición que ela fixo en francés. Agora ben, cando ela escribe en catalán, en latín ou en francés, escribe desde dentro ou desde fóra? Quero explicarme. Todos vós sabedes que hai na poesía galega catro ou cinco poetas importantes que non sendo galegos escribiron en galego, un deles nin máis nin menos que Federico García Lorca, que no ano 35 publicou un libriño en Santiago que se titulaba *Seis poemas galegos* outro é o gran poeta catalán Carles Riba, e hai unha poeta moi importante dos Estados Unidos que publica na editorial Galaxia de Vigo no ano 64, 1964, un libro titulado *Voz fuxitiva* chámase ela Aine Marie Morris. Quero falarvos primeiro de Lorca. Lorca sabía galego? Eu xa vos adianto, sabía pouco galego, pero Lorca estaba interesado en escribir en galego e tiña un amigo que logo sería escritor, Ernesto Guerra da Cal, estudante en Madrid que tomaba café con el ou que paseaba etc. E sabemos por unha carta que o propio Guerra da Cal lle escribe a Eduardo Blanco Amor, prologuista dos *Seis poemas galegos* que o proceso na escritura de Lorca é o seguinte. Vouno dicir en castelán porque recordo as palabras da carta de Guerra da Cal a Blanco Amor. «Yo le decía a Federico un verso en... Federico me decía a mi [perdón] un verso en castellano, y aunque él sabía algunas palabras, para componer ese verso, en gallego no las sabía todas, polo tanto, me decía el verso en castellano y yo se lo traducía al gallego tratando de proponerle palabras, que el era poeta de determinadas características, que fueran evocativas, que fueran sugerentes, que tuvieran sonoridad, en algunos casos le proponía dos o tres palabras, dos o tres sinónimos y él, Federico, escogía la que le salía de sus cojones líricos». Podédevos rir, porque paga a pena, eh, el escollía a que lle saía dadentro, aínda que a Guerra da Cal non lle parecera ben. El era o poeta e aquela que tiña máis sonoridade, aquela que tiña máis poder evocativo, aquela que tiña máis capacidade de suxestión esa era a que escollía Federico.

Está claro que Federico escribe en galego desde a fóra como Carles Riba, Carles Riba sendo estudante na facultade de Letras da que logo sería profesor de grego, máis tarde sendo polo tanto xa poeta e xa filólogo namórase dunha rapaza en

Barcelona que era filla de un home e dunha muller que procedían dunha aldea de Lugo, e eu non sei se agora, vós cando vos namoredes dunha rapaza, terminades cortexándoa no idioma dela ou no idioma dos pais dela, non sei agora, eh, vós saberedes, pero daquela Carles Riba decidiu aprender o idioma que probablemente era o idioma no que lle falaban na casa a esta rapaza seus pais. Aprende o idioma por amor, e escribiu dous poemarios, el, que era poeta en catalán, en galego. Pero tendo un bo dominio do galego, escribía o galego desde fóra. No caso de María Victoria Moreno ela, que probablemente nos seus primeiros escritos, alá polo ano 68, 69, 70 é unha escritora alófona, desde o ano 73 en que publica o seu primeiro libro de contos en galego *Mar adiante*, é unha poeta autófona. Vádelo entender ben.

Escritor alófono, alófono é o que escribe noutro son, e autófono é o que escribe no seu son. No son auténtico, pois ben, María Victoria cando escribe *Mar adiante*, é xa unha escritora autófona, non alófona. E isto enténdese ben, si na expresión que vou utilizar poñedes o acento na preposición. Vou utilizar dúas preposicións *en* e *desde*. O poeta alófono, por exemplo, García Lorca, é o poeta que escribe en galego, e non desde o galego. E o poeta autófono, María Victoria Moreno, é o que escribe en galego desde o galego. O poeta alófono é o que pregunta como se di isto, como se di aquilo, ou ten que miralo no dicionario, ou ten que facer un esforzo de memoria. O poeta autófono, María Victoria a partir do ano 73 non pregunta nada, decide escribir en galego, e o galego abrolla desde o manancial que xa leva dentro. Ese é o poeta ou escritor autófono, probablemente Ana María Morris a quen coñecín eu con 90 anos, que veu no ano 93 a Santiago, a un congreso de poetas alófonos e alí foi onde a propia María Victoria se definiu xa como escritora autófona. Ana María Morris era unha profesora universitaria, unhas veces de castelán, outras veces de italiano e outras veces de portugués, sabía polo tanto, dúas ou tres, tres ou catro linguas románicas. Era poeta pero nunca exerceu como poeta no seu idioma, o inglés. O inglés dos Estados Unidos. Un bo día atópase con dous exiliados galegos, Guerra da Cal e Rubia Barcia, e empeza a interesarse polo galego, empeza a ler a Rosalía e chegou un momento en que soñaba, soñaba en galego. Eu publiquei unha carta que me mandou a min na que di: «Señor Alonso, neste momento acabo de espertar e tiven coma un pesadelo e nese pesadelo eu estaba escribindo un poema en galego», cando ela quería escribir algo íntimo, algo fondo, algo vivencial, saíalle en galego. E iso demostrouno cando con 90 anos, acompañada da súa filla e do seu xenro, veu a Santiago ó primeiro congreso de poetas alófonos e, en efecto, era unha muller que cando se trataba de cousas de Galicia, as cousas saínlle en galego, pero desde o galego, eu creo que Ana María Morris, autora do libro no ano 64, *Voz Fuxitiva* era unha poeta verdadeiramente autófona.

Volvamos á proeza de María Victoria Moreno. Téndevos que situar na ditadura franquista, no seu final, e claro, para que está a policía de Franco? A policía, nas democracias e nos países civilizados está para outra cousa. A policía como me explicaba a min un inglés está para que, alá no ano 60, a unha velliña que vivía en Londres escapoulle o gato, e andaba polos tellados, e de pronto veu o policía e estivo toda a mañá buscando o gato, tivo que... viñeron oito ou nove policías, por

fin atoparon o gato e devolvéronllo á señora. A policía está para iso, a policía está para axudar á xente, a policía está para colaborar coa xente. A policía tamén está para evitar que certa xente lle faga a vida imposible a outra xente, eh, tamén está para defendernos. Pero a policía na época de Franco estaba para defender ós vencedores e ós fillos dos vencedores, a policía non estaba para encontrarlle un gato a unha velliña, a unha velliña de Pontevedra, non, eses ás veces ían polas casas da periferia para ver se algúns rapaces novos, estudantes, obreiros, se reunían para falar de política, e levalos á prisión, para iso estaba a policía. E que pensa a policía dunha muller como María Victoria que dá clases, en primeiro lugar gratuítas, por amor, por vocación, pero a pregunta non é a máis correcta. Non hai que facer esta pregunta primeiro á policía. A policía ó servizo de quen estaba no ano 73 en Pontevedra? Estaba ó servizo das xentes ben pensantes. Os ben pensantes eran a presidenta de Acción Católica, o Gobernador Civil, a muller e os fillos do xefe da Falanxe, aqueles que entraran a dedo como funcionarios, aqueles que como máis tarde Cristina Cifuentes conseguía títulos ou másters dunha maneira irregular. Esa era a xente ben pensante, e esta xente ben pensante cal era a súa conversa no casino, no café ou na casa dunha «ricachona» ás 5 da tarde, á hora do té, dise: «Ya sabéis anda por ahí una tal María Victoria extremeña hablando en dialecto y defendiendo el dialecto, aquí hay algo raro, o es separatista o es comunista, o es las dos cosas. Qué hace la policía que no la detiene?». A policía estaba ó servizo das xentes ben pensantes. E un bo día non a deteñen, un bo día retíranlle o pasaporte, retirarlle o pasaporte non é moi grave, ten a gravidade de que non pode nin ir a Portugal e menos a Suíza, onde hoxe está Marta Rovira² e Anna Gabriel³, porque teñen pasaporte, se non tivesen o pasaporte español, hoxe estarían aquí a merced da policía de Mariano Rajoy, polo tanto, ter pasaporte permítenos viaxar na época de Franco pero tamén nos permite fuxir da policía.

Quítanlle o pasaporte pero o pasaporte é unha advertencia. Dinlle, señora témola no noso punto de mira, fíxese ben no que fai a partir de agora. Ela reclamou o seu pasaporte, chamouna a policía e o comisario da policía preguntoulle. «Usted es doña María Victoria Moreno? –Si. –Usted es amiga de Alonso Montero? O policía non sei se era moi culto ou non, pero todos vós sabedes que a palabra amiga nas Cantigas de Amigo, no galego medieval é unha palabra bisémica... ten dúas acepcións, amigo é o que ten amizade cunha persoa, e amigo ou amiga é o que é tamén amante, querida, dicíase daquela, e María Victoria que sabía moito galego medieval, e que entendeu a intención do comisario de policía díxolle: «–Soy amiga de don Xesús Alonso Montero, de su esposa, la profesora doña Emilia Pimentel Iglesias y de sus tres hijos, Emilio, Jesús y Sara –que citou cronoloxicamente– que precisamente son algunos de los personajes que protagonizan mi primer libro de cuentos que prologó el profesor Alonso Montero y que se titula *Mar adelante*». Eu non sei se estaba tan corrompido por dentro aquel comisario de policía a quen eu non coñecín que chegou a entender a lección que lle deu María Victoria na

² Secretaria Xeral de Esquerra Republicana de Catalunya.

³ É unha política catalá, educadora social e docente. Militante do CUP.

comisaría da policía pontevedresa no ano 1973. [Como vamos de tempo? Cantos minutos máis teño? Cinco? –Dez] polo tanto, María Victoria é un ser humano especial, i eu comprendo que a policía estea desconcertada, e tamén comprendo a presidenta de Acción Católica, á muller do xefe de Falanxe, e a toda esta xente ben pensante, que ademais de desconcertados estivesen alporizados, porque algo pasaba, vir fóra da aula sen cobrar unha cadela, unha cadela era unha moeda de 5 céntimos, daquela, eh! sin cobrar unha cadela, a dar clases en dialecto, dun dialecto. Claro que aquelas señoras tamén percibían que xa había, na sociedade galega, profesores, periodistas, intelectuais, poetas etc. Que ademais de seren máis ou menos antifranquistas, tiñan un certo compromiso coa lingua do país, coa literatura do país, coa cultura do país, e de donde lle vén isto a María Victoria Moreno?

Hai un gran pensador español quizais o home que máis brillantemente escribiu en castelán que foi don José Ortega y Gasset que dixo algo que ós alumnos de 1º e de 2º de bacharelato coñecen porque estudaron xa filosofía. Don José Ortega y Gasset é autor dunha famosa definición. Cando falamos de nós mesmos, se vós pensades que tendes algunhas características, algunhas peculiaridades, calquera de vós pensades que razón hai para que os vosos compañeiros da mesma idade que estudan no mesmo curso que naceron cerca de vós que supón os vosos veciños, que son do voso tempo probablemente esas características que vós vedes, cada un de vós tamén as teñen os vosos veciños, os vosos colegas, os vosos compañeiros porque son fillos do mesmo tempo, son fillos dunhas mesmas lecturas, son fillos dos mesmos profesores, e son fillos de pais que pensan como os vosos pais máis ou menos, E isto Ortega que era xenial, díxoo con poucas palabras «Yo soy yo y mis circunstancias», porque agora calquera de vós, imaxinádevos que vós estades estudando aquí, e de pronto dentro de dous anos, tendes que vivir nun país inhóspito de África, en circunstancias moi distintas dos vosos compañeiros que quedaron en Vilagarcía terminando no Bouza Brey o bacharelato. As circunstancias van moldear o voso, o voso EU, «Yo», dicía Ortega. A circunstancia... a circunstancia en latín significa aquilo que está arredor de min, son os datos sociais, os datos económicos, os datos familiares, os datos educativos, e Ortega engadía, «Yo soy yo y mi circunstancia, y si no salvo mi circunstancia no salvo mi Yo». Eu tamén nun momento dado da miña vida, vinte, vinte e poucos anos decateime de que eu vivía nunha circunstancia, a circunstancia do franquismo. E o franquismo era inxusto, era despótico, o franquismo era discriminativo contra min tamén, que non tiven beca e eu non era de familia poderosa. María Victoria tivo becas para estudar, e está moi ben que tivese becas, pero tivo beca. Ela, si, e eu, non, porque ela era filla dun vencedor de alguén que fora oficial na guerra civil española e o franquismo axudaba ós fillos dos vencedores, pero non axudaba ós fillos dos vencidos, ós que no fondo máis ben perseguían, sobre todo nas primeiras épocas da ditadura e cando Ortega di, «si no salvo mi circunstancia no salvo mi yo», si eu vivo nun esquema de inxustiza eu nunca chegarei a ser xusto, se non loito contra a inxustiza que hai no ambiente, entón María Victoria que non vén dunha familia antifranquista, e menos de esquerdas, decátase que no franquismo ademais das inxustizas que ela xa vira en Segovia de nena e así o di nunha páxina memorialística, ademais das inxustizas que

ela vira en Barcelona de adolescente, xa na súa mocidade en Pontevedra e en Lugo. En Galicia ve, ademais das inxustizas que había en Barcelona ou que había en Segovia, ou que había en Cáceres, ve outras inxustizas. Ve que ós nenos que falan en galego discrimináanos, ve que ós nenos que falan en galego ou que cometen un galeguismo nun exame rebáixanlles a nota, e moitos profesores humíllanos, porque daquela era o que se levaba; o insólito é que houbese profesores que lles dixesen ós alumnos; ti non podes escribir o exame en galego, non saberían facelo, pero a túa lingua é tan digna como a castelá, eh, por máis que sexan pobres ou labregos os teus pais. Entónces María Victoria quere para salvar o seu eu, salvar a súa circunstancia, contribuír a que ningún neno por falar en galego sexa humillado que ningún labrego por non saber máis có galego sexa discriminado e porque estes nenos que non teñen libros de texto en galego que non teñen contos en galego que non teñen poemas para nenos en galego, algún día cheguen a ter esto. Isto é o que fai María, María Victoria.

María Victoria e con isto vou terminar, no ano 2003, dous anos antes de morrer escribiu uns versos que tendes aí pero que eu vos quero ler e comentar. No ano 2003, María Victoria xa non daba clase no Instituto Torrente Ballester. Ela solicitara unha prexubilación, por que? Porque era grandiosa, María Victoria tiña desde o ano 97 un cancro de mama que nun momento dado, parece que estaba superado, pero non foi así e polo tanto, no ano 2000, 2001, o cancro vaise estendendo por parte do seu organismo e iso afecta, sobre todo, non só á saúde, afecta á súa estética e ela chega un momento en que entende que aínda que de facultades mentais está ben, e podería seguir dando clases como cando tiña 30 anos, entende que os alumnos non teñen por que estar unha hora e outra, e outra, e outra, cada semana, cada mes diante dunha profesora que produce certo sentimento de repulsión. Ela tiña dereito, e renunciando a parte dos seus dereitos económicos, xubilábase ante-tempo porque non quere someter a esta especie de tiranía que estean ante a súa decrepita imaxe os alumnos e, decide xubilarse. Esta era María Victoria, pois ben, no ano 3, xa xubilada, hai unha feira do libro en Pontevedra e ela le o pregón que o fai en verso, e nun momento dado dirixíndose [téndelo aí] ós pontevedreses lelles estes versos. «Con Cervantes, Federico, e Miguel o de Orihuela, faleivos de liberdade». Cervantes é autor do Quixote, ela era coleccionista de quixotes e si vades algunha vez ó Instituto Torrente Ballester, onde está a súa biblioteca de máis de cinco mil volumes, alí encontraredes centos de quixotes de distintas edicións, de distintos ilustradores, de distintos prologuistas e en distintos idiomas. Por que esta devoción polo *Quixote*?, porque o *Quixote* á parte de un texto grandioso, como texto literario, é un texto moral, tan moral que hai un Quixote moderno que se chamaba Ernesto Che Guevara que cando vai á guerrilla de Bolivia, escribelles a seus pais que están na Arxentina a última carta e esa carta empeza desta maneira. «Queridos padres, de nuevo mis talones sobre el costillar de Rocinante». Rocinante é o cabalo no que vamos á aventura, no que vamos á utopía, no que vamos á procura da xustiza, por iso era tan cervantista María Victoria, e por iso lles explica ós pontevedreses a Cervantes, a Federico e a Miguel. Federico non hai outro, é Federico García Lorca, sobre o que escribiu un traballo no ano 85, sobre os *Seis poemas galegos* que

é maxistral e Miguel o de Orihuela é Miguel Hernández. «Con Cervantes, Federico e Miguel o de Orihuela faleivos de liberdade e contra vento e marea enfronteime coa censura para dicirvos que era un dereito inalienable falar a lingua galega». Isto era así de grande. Así de cívica, así de comprometida, así de inconformista, así de resistente, María Victoria Moreno Márquez.

Grazas.